

DIARIO DE LECTURA

Obxectivos:

- Incentivar a lectura.
- Gozar da lectura.
- Mellorar a competencia lectora.
- Aumentar o vocabulario.
- Mellorar a expresión escrita.
- Potenciar a competencia artística.
- Reflexionar con espírito crítico.

Instrucións para a elaboración do diario:

1. Debe facerse en folios en branco, a bolígrafo ou ordenador.
2. Outra posibilidade é que a eses folios lle deas un formato que estea en consonancia co contido do libro.
Exemplo, a min o libro *Resistencia* de Rosa Aneiros suxíreme a forma dun corazón, pois eu recortaría eses folios desa forma e logo decoraríao.
3. Se se fai a ordenador, será coa fonte Arial, tamaño 12, a dobre espazo e xustificado.
4. Folios numerados, excepto a portada e a última folla (que estarán en branco).
5. **Estrutura:**
 - **Primeiro folio:** será a portada, nela aparecerá escrito Diario de lectura e o título do libro que se leu. Poderase decorar. Tamén recollerá o voso nome e apelidos, curso e grupo.
 - **Segundo folio:** ficha técnica do libro:
 - o Autor/ra:
 - o Editorial:
 - o Colección:
 - o Xénero:
 - o Tema principal:
 - **Terceiro folio e sucesivos,** de os houber: *Diario de lectura*
Aparecerán as reseñas do lido cada día. Recolleranse do seguinte xeito: data á dereita e páxinas do libro que resumes á esquerda.
Que teño que escribir aí? Resumir o lido nese día, así como as reflexións sobre o que les, é dicir, se che gusta, se non che gusta, se che resulta difícil e o porqué (vocabulario...), que pensas dos personaxes, se hai algo nesas páxinas que che lembren a outro libro...
Exemplos:
“Comecei a ler..., estas páxinas estanme resultando... Nelas ...”
“Hoxe lin pouco, moito, ... Estame gustando moito... ”
 - **Antepenúltima folla:** aparecerán dous puntos:
 - ❖ Valoración final do libro.
 - ❖ Xustificación da decoración da portada. No caso de non decorala, deberás xustificalo, tamén.
Se a túa portada ten unha forma diferente ao propio folio, debes xustificala, xunto coa decoración.
 - **Penúltima folla:**
Índice: títulos dos puntos e páxinas.
 - **Última folla en branco.**

PORTADA
Diario de lectura + Título do libro
Nome e apelidos Curso e grupo

FICHA TÉCNICA
<ul style="list-style-type: none">o Autor/ra:o Editorial:o Colección:o Xénero:o Tema principal:

DIARIO DE LECTURA
Páxs. Data

Páxs. Data

ANTEPENÚLTIMA
Valoración do libro
Xustificación decoración

PENÚLTIMA
Índice:
Puntos páxs.

ÚLTIMA
Folio en branco